

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

1. Introducción

Esta programación nace da necesidade de todo docente de planificar a súa práctica diaria. Sen embargo, non entendemos a programación como un documento pechado e no que non pode haber variacións, senón como un marco de referencia aberto e flexible no que o contexto e os intereses do alumnado marcarán o camiño a seguir.

A correcta atención a toda a diversidade (incluído o alumnado con neae e nee) fai que a organización de espazos, tempos e apoios (tamén o do profesorado especialista de PT e AL) sexa flexible e incida na inclusión: desdobres, pequenos grupos heteroxéneos, traballo cooperativo, aprendizaxe manipulativa, utilización de diferentes espazos. Así o establece a Orde do 8 de setembro no seu artigo 43 onde se especifica que “na organización e na xestión das aulas procurárase a participación de todo o alumnado, o acceso a recursos, a flexibilidade dos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida”. A programación está pensada para tres grupos de nenos e nenas do 4º Nivel de EP (4ºA conta con 21 alumnos/as, 4ºB con 20 alumnos/as e 4ºC con 20 alumnos/as) e para elaborala tivemos en conta as características dos nenos-as de 9-10 anos, onde Piaget os sitúa na etapa das operacións concretas.

Cabe sinalar que cada grupo continúa coa mesma titora que o curso pasado agás os 4 alumn@s repetidores (3 xa estaban no centro o curso pasado e 1 é unha nova incorporación). Asemade, un total de 10 nenos e nenas reciben RE desde o curso pasado.

É importante destacar que o centro no que se vai desenvolver esta programación conta con varios proxectos que son tidos en conta á hora de elaborar dito documento: PLAMBE, Polo Creativo, E-Dixgal, entre outros.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COÑECÉMONOS	Nesta unidade centraremos en repasar a numeración e continuaremos coñecendo, comparando e redondeando números ata o 99.000.	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	ALIMENTÁMONOS	Nesta unidade faremos un repaso das catro operacións básicas (suma, resta, multiplicación e división). Asimesmo traballaremos as diferentes moedas e billetes e realizaremos tarefas e resolveremos problemas relacionados coa nosa vida diaria na que se empregan.	5	10	X		
3	RELACIONÁMONOS	Nesta unidade seguiremos traballando o cálculo e a resolución de problemas e iniciaremos a multiplicación de dúas cifras.	5	15	X		
4	ORIENTÁMONOS	Nesta unidade traballaremos os diferentes tipos de rectas así como os tipos de ángulos, os movementos e transformacións (simetría e traslación) e as coordenadas no plano.	10	10	X		
5	RESPONSABILÍZAMONOS	Nesta unidade seguiremos traballando o cálculo e iniciaremos ao alumnado no procedemento para a resolución de divisións de dúas cifras. Incidiremos na importancia das palabras clave para a resolución de problemas, enfocados estes a situacións que se poden dar na nosa vida diaria.	10	10	X		
6	COIDÁMONOS	Nesta unidade iniciaremos ao alumnado en dous novos conceptos: fraccións e números decimais. Verase a súa utilización fundamentalmente no noso día a día.	10	10		X	
7	ACOLLEMOS	Nesta unidade traballaremos o azar e as gráficas partindo das gráficas de poboación que se traballan na área de Ciencias Sociais.	10	15		X	
8	ORGANIZAMOS	Nesta unidade traballaremos coas unidades de lonxitude e analizaremos o uso que facemos delas no noso día a día.	10	15		X	
9	CAMBIAMOS	Nesta unidade seguiremos coas unidades de medida, neste caso, as unidades de capacidade e masa e o uso que facemos das mesmas na nosa vida diaria.	10	15			X
10	TOD@S TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR	Nesta unidade traballaremos as nocións temporais e abordaremos o paso do tempo no reloxo dixital e analóxico.	10	15			X
11	CONSTRUIMOS	Nesta unidade centraremos nas figuras planas e os corpos xeométricos.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COÑECÉMONOS	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Ler, escribir, descompoñer e redondear números ata o 99.999.	PE	80
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Ser quen de realizar series ascendentes e descendentes.		
CA4.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe, amosando esforzo por conseguir resolver as tarefas plantexadas e ser quen de pedir axudar cando a precise.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto sistemático, adaptación do cálculo ao tamaño dos números, representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 99 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos. - Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) como elemento facilitador do cálculo mental, interpretación da relación existente entre os diversos números e valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe. - Cantidade - Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 99 999 en textos e contextos familiares e habituais. - Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata o 99 999 investigando propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros). - Estimación razoada de cantidades ata o 99 999 e redondeo en problemas cotiás con estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 99 999 e as súas equivalencias, aplicación nas relacións que xera nas operacións. - Resolución de problemas cotiás que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 99 999 e ordinais cun uso adecuado da simboloxía das relacións, interpretación e expresión do resultado, exacto ou estimado, segundo a situación. - Patróns

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia. - Relacións e funcións - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía (=, ?, >, <).

UD	Título da UD	Duración
2	ALIMENTÁMONOS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver os problemas seguindo os pasos traballados na aula.	PE	70
CA1.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Empregar, con axuda, a calculadora para comprobar os resultados das operacións realizadas.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.	TI	30
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo así a autoconfianza.	Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe, amosando esforzo por conseguir resolver as tarefas plantexadas e ser quen de pedir axudar cando a precise.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas, multiplicacións e divisións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións. - Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns. - Educación financeira - Identificación do valor e das equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea, con emprego desas equivalencias para resolver problemas de compra-venda en situacións reais e simuladas. - Identificación e experimentación na vida cotiá de situacións que requiran administración do diñeiro (ingresos e gastos), fomento do aforro e do consumo responsable en contextos de xogo. - Estimación e cálculo do gasto para realizar e das moedas e billetes necesarios para pagar, así como do cambio, en problemas da vida cotiá, contraste das estimacións e rectificación en función deses contrastes. - Formulación e resolución de problemas, de maneira individual e en equipo, nos que sexa necesario o uso de moedas e billetes relacionados co sistema monetario europeo: orzamentos sinxelos, situacións de compra e venda, planificación de aforro necesario, con verificación do resultado e da necesidade de rectificar en función do erro. - Crenzas, actitudes e emocións - Recoñecemento das emocións que poidan facilitar ou prexudicar a aprendizaxe das matemáticas e regulación destas segundo conveña. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Uso de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo con comprensión das emocións e experiencias das demais persoas, sensibilidade e respecto polas diferenzas.

UD	Título da UD	Duración
3	RELACIONÁMONOS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Ser capaz de desenvolver a operación da multiplicación de maneira gráfica e ser quen, con axuda de resolver problemas.	PE	70
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver problemas empregando a suma reiterativa ou a mutiplicación.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe, amosando esforzo por conseguir resolver as tarefas plantexadas e ser quen de pedir axudar cando a precise.	TI	30
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas, multiplicacións e divisións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións. - Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns.

UD	Título da UD	Duración
4	ORIENTÁMONOS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar unha situación a través do plano, mapa, simetría.	PE	80
CA3.4 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Realizar simetrías e translacións con axuda.		
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Sinalar as indicacións para chegar a un punto concreto do mapa ou do plano empregando vocabulario matemático.		
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar unha situación a través do plano, mapa, simetría.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo e valora e respeta a axuda dos compañeiros/as establecendo así relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	TI	20
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe, amosando esforzo por conseguir resolver as tarefas plantexadas e valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización e sistemas de representación - Interpretación e descrición da posición relativa de obxectos do espazo real, mapas, planos e textos co vocabulario xeométrico adecuado (perpendicularidade, alíñamento, paralelismo, angularidade) e a súa representación. - Interpretación, descrición, elaboración e representación, con estratexias persoais e contrastadas en equipo, de itinerarios en planos, bosquexos, mapas e maquetas sinxelas con uso de soportes físicos e virtuais partindo do espazo vivenciado. - Movementos e transformacións - Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos, translacións e simetrías de obxectos e outros elementos do contexto con vocabulario xeométrico adecuado. - Xeración de figuras a partir de simetrías e translacións dun patrón inicial e predición do resultado: aplicación á creación artística. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica - Recoñecemento de relacións xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá. - Padróns - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación, predición razoada e creación de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia. - Crenzas, actitudes e emocións - Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	RESPONSABILÍZAMONOS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Resolver de maneira mecánica as catro operacións básicas (suma, resta, multiplicación e división)	PE	100
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver os problemas seguindo os pasos traballados na aula.		
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar os datos ofrecidos nos problemas e escoller a operación axeitada para a súa resolución.		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Valorar a importancia das matemáticas na nosa vida diaria.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		
CA6.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación e división en situacións habituais e significativas, explicación das estratexias e dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración. - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas, multiplicacións e divisións e o seu uso con flexibilidade e sentido, seguindo os procesos adecuados. - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido. - Resolución de operacións combinadas en problemas contextualizados con atención á súa xerarquía, aplicación das súas propiedades, as estratexias persoais e os procedementos máis adecuados segundo a natureza do cálculo: mental, estimacións, algoritmos ou calculadora. - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas, multiplicacións e divisións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións. - Formulación de problemas que se resolvan con sumas (como incremento), restas (como diminución, comparación e complemento), multiplicacións (como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo) ou divisións (como repartición ou agrupación) baseados en situacións familiares e cotiás que permitan establecer conexións con experiencias propias. - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, a suma e a multiplicación, a división e a resta, a multiplicación e a división: aplicación en contextos cotiáns. - Crenzas, actitudes e emocións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da autonomía e aplicación de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros. - Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar, rectificar o proceso ou algunha das súas fases e compartir o realizado.

UD	Título da UD	Duración
6	COIDÁMONOS	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Ler, escribir e representar fraccións e números decimais.	PE	80
CA4.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Comparar, con axuda, a relación entre as fraccións e os números decimais.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter, con axuda, diferentes maneiras de resolver problemas.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Usar a calculadora.		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente, comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo e valora e respeta a axuda dos compañeiros/as establecendo así relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cantidade - Expresión de particións, reparticións e relacións coa utilización de fraccións propias con denominador ata 12 en contextos da vida cotiá. - Identificación, lectura, escritura e representación de fraccións propias con denominador ata 12 en textos e contextos familiares e habituais. - Sentido das operacións - Estratexias de cálculo mental con fraccións, con denominador ata 12, en contextos cotiáns con explicación do proceso seguido e as estratexias usadas. - Modelo matemático - Resolución de problemas da vida cotiá seguindo un proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para a interpretación do enunciado, recoñecemento de datos útiles, elaboración e contraste de hipótese, procura do plan de acción, perseveranza na solución, simbolización e realización dos cálculos, comprobación de solucións, expresión clara e correcta do resultado, revisión da súa idoneidade, rectificación se é necesaria e explicación do realizado. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade

Contidos

- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade e esixibilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.

UD	Título da UD	Duración
7	ACOLLEMOS	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar, con axuda, táboas de dobre entrada e gráficas.	PE	80
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os diferentes tipos de gráficas		
CA4.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		
CA5.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Interpretar, con axuda, de forma verbal ou gráfica as probabilidades dun suceso (seguro, posible e imposible)		
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver os problemas seguindo os pasos traballados na aula.		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter, con axuda, diferentes maneiras de resolver problemas.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Dar exemplos, con axuda, de que situacións ocorren na nosa vida diaria que se poidan representar a través dunha gráfica.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar gráficas, obtendo cal é a moda a partir de situacións da nosa vida diaria (gráficas en prensa).		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo e valora e respeta a axuda dos compañeiros/as establecendo así relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	TI	20
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Valorar a importancia das matemáticas na nosa vida diaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións e funcións - Obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto. - Organización e análise de datos - Resolución de problemas contextualizados que impliquen o uso de estratexias guiadas para a recollida, clasificación, ordenación, reconto, rexistro (táboas de dobre entrada, gráficas, rexistro simbólico) e comunicación de datos cualitativos cuantificables ou cuantitativos discretos de mostras pequenas e representación en gráficas destes mediante recursos tradicionais e aplicacións informáticas sinxelas. - Extracción, interpretación e explicación de información relacionada co contexto familiar e próximo a través da lectura individual e en equipos de gráficos estatísticos (pictogramas, diagramas de barras, histogramas); uso desa información na resolución de problemas. - Identificación da moda como o dato máis frecuente en conxuntos de datos. - Comparación gráfica de dous conxuntos de datos para establecer relacións e extraer conclusións. - Incerteza - Identificación e recoñecemento da incerteza en situacións da vida cotiá a través de experimentos baseados en xogos como cartas, dados, moedas. - Utilización de expresións como seguro, posible e imposible na valoración de resultados de experiencias lúdicas ou cotiás sinxelas nas que intervén o azar e identificación de sucesos aleatorios no seu contorno próximo. - Comparación da probabilidade de dous sucesos de forma intuitiva. - Inferencia - Formulación de conxecturas a partir dos datos recolleitos e analizados, dándolles sentido no contexto de estudo.

UD	Título da UD	Duración
8	ORGANIZAMOS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver os problemas seguindo os pasos traballados na aula.	PE	80
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Escoller e demostrar cal é a unidade de medida máis axeitada na resolución de problemas.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar a importancia das unidades de medida na nosa vida diaria e calcular, con axuda, as súas equivalencias.		
CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais e empregando estratexias cooperativas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempos e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima. - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiás que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura. - Medición. - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido. - Estimación e relacións - Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Valoración da contribución das matemáticas aos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
9	CAMBIAMOS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver os problemas seguindo os pasos traballados na aula.	PE	100
CA2.4 - Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Escoller e demostrar cal é a unidade de capacidade ou masa máis axeitada na resolución de problemas.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar a importancia das unidades de capacidade e masa na nosa vida diaria e calcular, con axuda, as súas equivalencias.		
CA2.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos, aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre as diferentes unidades de medida traballadas (lonxitude, capacidade e masa) e aplicar, con axuda, os seus coñecementos para resolver as tarefas plantexadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento e explicación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, superficie, masa, capacidade, temperatura, tempos e amplitude de ángulos) mediante a observación da realidade próxima. - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l, cl, ml e graos centígrados) para a realización de medicións adecuadas en situacións cotiás que permitan calcular itinerarios, construír figuras planas, confrontar capacidades e calcular intervalos de temperatura. - Medición. - Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección do instrumento adecuado, elección das unidades máis apropiadas ao contexto e tamaño, demostrando coñecemento das equivalencias entre medidas, medición con precisión, contraste dos resultados, expresión correcta das unidades, con control e expresión verbal e gráfica do proceso seguido. - Estimación e relacións - Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe. - Crenzas, actitudes e emocións - Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
10	TOD@S TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Obter, con axuda, diferentes maneiras de resolver problemas.	PE	80
CA2.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre as diferentes unidades de tempo e aplicar, con axuda, os seus coñecementos para resolver as tarefas plantexadas.		
CA2.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Coñecer as equivalencias básicas das unidades de tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto).		
CA6.7 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar a hora nos reloxos dixitais e analóxicos e a importancia que teñen na nosa vida diaria.		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais e empregando estratexias cooperativas.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Recoñecemento, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións habituais e da contorna, determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada en cada situación. - Lectura e escritura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso, calcular intervalos, facer horarios? - Estimación e relacións - Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l e ml, mes, semana, día, hora, minuto e segundo): aplicación de equivalencias entre unidades na resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a conversión en unidades máis pequenas. - Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe. - Relación entre as medidas de tempo en reloxos analóxicos e dixitais. - Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato de experiencias persoais e na xestión de emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención. - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade - Recoñecemento das contribucións de matemáticas e matemáticos a diversos ámbitos do saber como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
11	CONSTRUIMOS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.	PE	70
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver os problemas seguindo os pasos traballados na aula.		
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar a importancia das figuras planas e dos corpos xeométricos na nosa vida diaria, recoñecendo ditas formas nos obxectos que hai ao noso redor.		
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Coñecer o nome das figuras planas e dos corpos xeométricos así como os elementos que as conforman.		
CA3.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Saber explicar, con axuda, os pasos seguidos para a realización dos problemas.		
CA6.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar as similitudes e as diferenzas entre as figuras planas e os corpos xeométricos para así clasificalos correctamente.		
CA3.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo e valora e respeta a axuda dos compañeiros/as establecendo así relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	TI	30
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Iniciarse, con axuda, nalgún programa de pensamento computacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións - Identificación da relación entre a multiplicación e a superficie dos rectángulos. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas e dos seus elementos (ladros, vértices, ángulos), as relacións entre eles, propiedades e tipoloxía en obxectos e imaxes da súa contorna. - Resolución de problemas que impliquen o recoñecemento, clasificación e descrição de corpos xeométricos (cubo, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) en obxectos e imaxes da súa contorna con explicación do proceso seguido, demostrando curiosidade por descubrir relacións. - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, polícubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram...) e o manexo de ferramentas dixitais (realidade aumentada, robótica educativa, xeometría dinámica) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.

Contidos

- Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e instrumentos de debuxo (regra e escuadra) con explicación do proceso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.
- Resolución individual e en equipo de problemas xeométricos que impliquen o coñecemento de figuras, as súas relacións e propiedades, utilizando estratexias de clasificación, uso de exemplos contrarios, creación de hipótese e construción, argumentación e toma de decisións.
- Resolución de problemas da vida cotiá empregando o modelo xeométrico e a representación matemática da situación para resolver.
- Pensamento computacional
- Estratexias para a interpretación, modificación e representación de algoritmos sinxelos relacionados co contexto cotián e o xogo en regras de xogos, instrucións secuenciais, bucles, patróns repetitivos, programación por bloques, robótica educativa?
- Crenzas, actitudes e emocións
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os enigmas, adiviñas, procura de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, o establecemento de obxectivos de equipo, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea e a avaliación do funcionamento do equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos que segue esta programación son:

- A motivación do alumnado. Entendemos que o alumnado debe ter un papel activo e tunha actitude favorable de cara ás aprendizaxes, por iso trataremos de partir dos seus centros de interese e plantexaremos actividades dinámicas, variadas, significativas e manipulativas.
- Se fora necesario porque a dinámica da aula non funciona ou porque a actividade así o require, gardaremos un tempo dentro do horario lectivo para realizar asambleas e así ter un espazo aberto de participación e decisión democrática.
- Seleccionaremos e secuenciaremos os contidos e competencias, agrupándoos por Unidades Didácticas, 11 en total, a razón de 5 no primeiro trimestre, 3 no segundo e 3 no terceiro.
- O ensino fomentará a autonomía e estará centrado no alumnado. As primeiras horas utilizaranse para actividades de tipo máis académico e tradicional (actividades nos libros de texto), as horas de despois do recreo serán utilizadas para outros tipos de aprendizaxes, proxectos, tarefas, recantos preparados con materiais manipulativos, caixas de aprendizaxe... Esta organización será flexible e dependerá tamén das horas de apoio dos mestres con dispoñibilidade horaria e AL ou PT.
- Teremos en conta a progresión en dificultade e o reforzo das aprendizaxes espaciadas no tempo para favorecer a súa integración e memorización.
- Traballaremos por recantos e/ou caixas de aprendizaxe. Contaremos cun amplo e variado

conxunto de materiais e recursos didácticos organizados para favorecer a súa localización, orde e autonomía.

- Co obxectivo de dotar ao alumno/a dos coñecementos e as competencias necesarias para desenvolver as súas propias aprendizaxes de forma autónoma, traballaranse diferentes técnicas de estudo, organizadores visuais e estratexias para desenvolver hábitos de pensamento organizado.

- Usaranse diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa e colaborativa. Os equipos serán heteroxéneos e seguirase a senda da aprendizaxe entre iguais e a corresponsabilidade.

- Traballo por proxectos e tarefas. Para levar a cabo o PDI do centro que este ano versa sobre "Tod@s temos unha historia que contar", usaremos a aprendizaxe baseada en proxectos e integraremos os diferentes saberes que aprendimos durante o curso para levalo a cabo durante a 3ª avaliación máis en profundidade combinando as linguas, as matemáticas, naturais e sociais, as linguas e a educación artística.

- Usaremos o reforzo positivo e a despenalización do erro. Levaremos a cabo estratexias de mediación, baseadas na Disciplina Positiva e outras metodoloxías afíns prestando atención ao desenvolvemento da intelixencia emocional intra e interpersonal.

- Usaremos as TIC, centrándonos nas linguaxes de programación e tamén nas competencias AMI.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Libros de texto da editorial Anaya "Operación mundo", ordenador de aula, libros, xogos e outros recursos bibliográficos (biblioteca). Tamén se crearán diferentes materiais manipulativos para favorecer a adquisición dos contidos traballados na aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será o referente das medidas a contemplar que deriven dos resultados da mesma. Levarase a cabo na semana do 11 ao 15 de setembro.

Consistirá na observación directa e indirecta do alumnado, probas escritas e orais: análise da expresión oral (debate), comprensión escrita, resolución de problemas...

A nivel de aula, algunha das medidas que se contemplan en función dos resultados obtidos son adaptar a programación en función das necesidades de todo o alumnado, facendo especial fincapé naqueles discentes máis vulnerables. Poñeremos en práctica actividades de reforzo e ampliación, recuperación de contidos e obxectivos non acadados tratando de compensar eivas na medida das posibilidades que permita a dinámica da aula/grupo.

Tamén se levarán a cabo as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias para favorecer a aprendizaxe do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	5	5	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	80	70	70	80	100	80	80	80	100	80
Táboa de indicadores	20	30	30	20	0	20	20	20	0	20

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	100
Proba escrita	70	82
Táboa de indicadores	30	18

Criterios de cualificación:

As probas escritas e Táboas de indicadores (rúbricas, traballos, exposicións...), teñen o mesmo peso en cada trimestre.

A nota trimestral, no tocante o que as UD se refire, son as seguintes:

Modificar segundo a materia para introducir en PROENS

Primeiro trimestre:

-UD 1: 30%

-UD 2: 20%

- UD 3: 15%

- UD 4: 20%

- UD 5: 15%

Segunda avaliación:

-UD 6: 30%

-UD 7: 40%

-UD 8: 30%

Terceira avaliación:

-UD 9: 30%

-UD 10: 30%

-UD 11: 40%

O 100% da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-UD 1:10%

-UD 2: 10%

-UD 3: 5%

-UD 4: 5%

-UD 5: 10%

- UD 6: 10%
- UD 7: 10%
- UD 8: 10%
- UD 9: 10%
- UD 10: 10%
- UD 11: 10%

Cando a calificación obtida non sexa exacta o redondeo das notas farase sempre cara arriba. En calquera caso prevalecerá sempre o criterio das titoras e a xunta de avaliación.

Criterios de recuperación:

Se consideramos que o alumnado ten unha parte suspensa e que eses contidos son relevantes na materia para a continuidade da aprendizaxe indicaráselle os contidos que debe repasar e reforzar para a realización dunha proba (escrita, oral, recollida dalgún traballo...). Isto farase de maneira individual antes de rematar cada trimestre atendendo ás necesidades de cada alumno/a.

6. Medidas de atención á diversidade

A Orde 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación define a diversidade como unha realidade social que atinxe a todos os individuos e aspectos da vida.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos máis aló de se presentan ou non necesidades específicas de apoio educativo.

Algún dos principios inspiradores LOMLOE son a equidade, a igualdade de oportunidades e a cooperación e estes son o eixe principal da programación. Enténdese equidade como darlle a cada persoa os apoios necesarios en función das súas necesidades e enténdese a igualdade de oportunidades como a flexibilidade destas actuacións para adaptalas ao alumnado e ao contexto.

Así, en colaboración co DO e tendo en conta sempre a eficiencia dos recursos e as súas propostas, deseñaranse diferentes tipos de apoio dependendo das actividades que se van a realizar e dos nenos e nenas que se beneficien deles nese momento (incluímos aquí o profesorado con dispoñibilidade horaria e tamén os mestres de PT e AL). Estes apoios serán inclusivos e seguirán os principios que Teresa Huguet fai no seu libro Aprender juntos en el aula. Una propuesta inclusiva da Editorial Graó:

- O mestre de apoio está dentro da aula ordinaria apoiando a un só neno. Isto require de pouca coordinación e produce certa dependencia do coidador polo que se farán estes apoios so de forma puntual.
- Axudar a un alumno aumentando progresivamente a distancia. Este tipo de apoio suple as carencias do apoio anterior e será o fin último, que os alumnos acaden a autonomía.
- Agrupación temporal de alumnos dentro da aula ou na aula de apoio (desdobres). Con grupos

heteroxéneos no que cada mestre atende a un grupo.

- Os dous mestres móvense pola aula axudando a quen o necesite.

- Traballo en grupos cooperativos que promovan a inclusión, o mestre de apoio ocúpase dun grupo e o titor/a doutros.

- Os dous mestres conducen unha actividade conxuntamente para casos de actividades, por exemplo, que necesiten de exposicións orais e debates.

- O mestre de apoio conduce a actividade e o mestre titor fai o apoio (permite ao titor acercarse máis aos seus alumnos e ver onde poden necesitar máis axuda).

- O mestre de apoio prepara o material para traballar na aula ou fóra dela. Este tipo de situación darase cando se necesite adaptar as actividades ou para acadar a inclusión e a participación dun neno/a con NEE, xa que o pequeno grupo favorece a relación cos compañeiros/as.

Teremos en conta para levar a cabo un tipo de apoio ou outro o benestar emocional do alumnado e a súa autoestima priorizando sempre aos nenos e nenas por enriba da organización do persoal do centro. As opinións que manifesten as familias e o propio alumnado que reciba apoios serán escoitadas e terán un peso decisivo na organización das clases nas que haxa dous docentes na aula (tamén PT e AL).

Tamén poderemos realizar unha adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación. A avaliación entenderase como un elemento regulador e potenciador da aprendizaxe. Os alumnos e alumnas con algún tipo de dificultade ou necesidade específica de apoio educativo contarán con todas aquelas adaptacións que sexan precisas e que permitan a compensación de ditas dificultades.

Para o alumnado con materias pendentes do curso anterior ou que repite, desenvolveranse os Plans Específicos de Recuperación (art. 6.5 Orde 25 de xaneiro de 2022) e os Plans Específicos de Reforzo ou Recuperación e Apoio (art.6.3 da citada Orde) respectivamente.

Se fora necesario porque as características do alumnado así o requirira, levaremos a cabo (tal como establece o mesmo Decreto 229/2011 e a Orde 8 de setembro de 2021) medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. No presente curso escolar, inicialmente, parece que non se precisa a aplicación destas medidas extraordinarias.

Animarase ás familias a participar e a mirar as diferenzas dende unha óptica positiva de maneira que consideren que contar con nenos/as con nee e neae non supón un atranco para os seus fillos e fillas senón unha oportunidade para aprender máis aló dos contidos curriculares propiamente ditos. Para levar a cabo esta educación inclusiva teremos moi en conta o modelo DUA e a adaptación á lectura fácil.

Por último, os nosos referentes (ademais da diferente lexislación) serán as pautas de orientación, intervención e avaliación que aparecen nos diferentes protocolos publicados por esta Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN LECTORA.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - COMPETENCIA DIXITAL .	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - FOMENTO DA CREATIVIDADE, ESPIRITO CIENTÍFICO E DO EMPRENDIMENTO	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES								X
ET.6 - EDUCACIÓN PARA A PAZ E PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE		X						
ET.8 - EDUCACIÓN PARA A SAÚDE		X				X		

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - COMPRENSIÓN LECTORA.	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.	X	X	X
ET.3 - COMPETENCIA DIXITAL .	X	X	X
ET.4 - FOMENTO DA CREATIVIDADE, ESPIRITO CIENTÍFICO E DO EMPRENDIMENTO	X	X	X
ET.5 - IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES			
ET.6 - EDUCACIÓN PARA A PAZ E PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS	X	X	X
ET.7 - EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.8 - EDUCACIÓN PARA A SAÚDE			

Observacións:

A maioría destes elementos transversais traballaranse durante todo o ano e máis especialmente celebrando as diferentes conmemoracións (Día da Muller, Día da Saúde, Día do Medio Ambiente...)

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída á Domus	No 1º trimestre unha vez que finalicemos as unidades didácticas que versan sobre o coñecemento do corpo humano.	X		
Saída pendente de concretar	No 2º trimestre realizaremos unha saída organizada polo mestre de Educación Física.		X	
Saída ao Salón do Libro de Pontevedra.	No 3º trimestre, máis relacionado coas áreas de Linguas.			X
Saída á área recreativa da Brexa (Carral)	No 3º trimestre para coñecer a contorna da nosa vila.			X

Observacións:

As actividades de obrigado cumprimento estarán relacionadas co PDI do Centro, na maioría dos casos. Seguiremos as propostas dos diferentes equipos e o Concello e aquelas outras que poidan xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse a programación didáctica en tempo e forma ao alumnado.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada favoreceu a aprendizaxe e tomou como referencia as orientacións pedagóxicas do currículo nas diferentes áreas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizouse a aula de forma flexible co fin de aproveitar os recursos materiais e persoais.

Medidas de atención á diversidade
Puxéronse en marcha medidas de atención á diversidade de tipo ordinario e, se fora o caso, de tipo extraordinario tendo sempre en conta a inclusión educativa e a aprendizaxe entre iguais.
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula foi axeitado e leváronse a cabo medidas para acadar o coñecemento entre o alumnado e outras que favorecen a resolución pacífica de conflitos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinámonos co resto do equipo docente e coas familias ou titoras legais de forma periódica.

Descrición:

Así mesmo tamén se fará un proceso de autoavaliación da práctica docente en cada tarefa realizada que nos permita cambiar e mellorar na planificación de actividades co fin de que sirva de feedback para o deseño doutras novas. Esta autoavaliación será conxunta entre as titoras, pois procuraremos, na medida do posible, desenvolver de forma coordinada as mesmas tarefas dentro das tres aulas.

Cada ítem valorarase de 0 a 5

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesión previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observación.

2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porque non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados